

Podemos desandar parte do camiño andado!

Para isto temos que entender como se constrúe o xénero masculino e o xénero feminino, sendo quen de detectar as desigualdades e cambiar as dinámicas.

Se pensabas que somos así porque si, por decisión propia ou por bioloxía... **que saibas que non.** Non vivimos illadamente nunha cova sen ningún tipo de contacto humano.

**E menos
mal**

Pero isto... que ten que ver coa LGTBIfobia?

**Dádle a esos
miolos! A
ver que se
che ocorre**



Oleiros, orgulhosamente diverso

Entón sexo e xénero son o mesmo?



Non. A ver, o xénero relaciónase co sexo, pero non son sinónimos. Realmente, **o xénero é unha construción social** que se transmite pola cultura, e non ten nada de biolóxico.



E nesta sociedade patriarcal e machista na que nos tocou vivir, constrúense 2 xéneros como antagónicos e con desigual valor.

Sabes cales?

Exacto! O feminino (a feminidade) e o masculino (a masculinidade).

A cousa funciona así:

Primeiro, chega a asignación de sexo e, en base a ela, a asignación de xénero. Asímesa que unha persoa que nace con...

- Xenitais masculinos, é un neno! E asígnaselle o xénero masculino.
- Xenitais femininos, é unha nena! E asígnaselle o xénero feminino.



Pois porque...



1

Non ten porque corresponderse co sexo asignado.

Alguén que nace e se lle asigna o sexo 'home', pode que non se identifique co xénero 'masculino', senón co 'feminino'. O mesmo alguén a quen se lle asigna o sexo 'muller'; pode que se identifique máis co xénero 'masculino'. Isto é o que acontece coas persoas trans. Ou pode que, con independencia do sexo que lle asignasen, non se identifique con ningún destes xéneros. Isto é o que lle acontece ás persoas non binarias.

2

Son mandatos, estereotipos e roles que se nos transmiten a homes e mulleres de forma diferente, desigual e inxusta, a través da educación e a socialización, a familia, o cine, as series, os videoxogos, a publicidade, a pornografía, a música etc. Desde todos os sitios transmítesenos mensaxes sobre a forma correcta de 'ser muller' e a forma correcta de 'ser home'. Mensaxes que non adoitamos cuestionar e interiorizamos como o "normal" e, polo tanto, como norma.

3

Sen un esforzo grande polo nosa parte, non podemos escapar a el! E aínda que non esteas de acordo con el, **é como esa canción pegadiza que non che gusta nadiña, pero que non podes evitar tararear cando soa...**

